

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN E MEDIO AMBIENTE

**3715** *Real decreto 180/2015, do 13 de marzo, polo que se regula o traslado de residuos no interior do territorio do Estado.*

I

O Convenio de Basilea, do 22 de marzo de 1989, sobre o control dos movementos transfronteirizos dos residuos perigosos e a súa eliminación –en diante «Convenio de Basilea»–, supuxo a resposta da comunidade internacional aos problemas xerados polos movementos transfronteirizos de residuos perigosos derivados do incesante aumento da produción mundial destes residuos.

O tratado internacional, ratificado por un número importante de países, pretende basicamente controlar os movementos de residuos perigosos e prever o seu tráfico ilícito, recoñecendo que a forma máis efectiva de protexer a saúde humana e o ambiente fronte aos danos producidos polos residuos é a redución da súa xeración en cantidade e en perigosidade.

Os principios sobre os cales se inspira o Convenio de Basilea son a xestión adecuada dos residuos que reduza ao mínimo os traslados, o tratamento e eliminación dos residuos o máis cerca posible da fonte da súa xeración, así como a redución e minimización da xeración de residuos perigosos na súa orixe.

Mediante a Decisión 93/98/CEE do Consello, do 1 de febreiro de 1993, autorizouse a sinatura, en nome da entón Comunidade Europea, do Convenio de Basilea. Coa adopción do Regulamento (CEE) n.º 259/93 do Consello, do 1 de febreiro de 1993, relativo á vixilancia e ao control dos traslados de residuos no interior, á entrada e á saída da Comunidade Europea, establecéronse normas para que o sistema comunitario de supervisión e control dos movementos de residuos cumprise os requisitos do Convenio de Basilea.

O Regulamento (CEE) n.º 259/93 do Consello, do 1 de febreiro de 1993, foi substituído polo Regulamento (CE) n.º 1013/2006 do Parlamento Europeo e do Consello, do 14 de xuño de 2006, relativo aos traslados de residuos (en diante «o Regulamento comunitario»), coa finalidade de adaptalo ás sucesivas modificacións do Convenio de Basilea.

Este regulamento comunitario pretende garantir que os residuos que se trasladen dentro da Comunidade, así como os que se importen desde terceiros países á Comunidade, se xestionen de modo que, durante todo o traslado e cando se valoricen ou eliminen no país de destino, non se poña en perigo a saúde humana e non se utilicen procesos ou métodos que poidan ser prexudiciais para o ambiente.

No que respecta ás exportacións cara a terceiros países desde a Comunidade que non estean prohibidas, o Regulamento comunitario pretende garantir que a xestión do residuo se leve a cabo de maneira ambientalmente correcta durante todo o transcurso do traslado e incluíndo a valorización ou eliminación no país terceiro de destino. Para isto requírese que a instalación receptora de residuos cumpra normas de protección da saúde humana e do ambiente equivalentes ás normas establecidas na lexislación comunitaria.

A vixilancia e o control dos traslados de residuos dentro dun Estado membro, como o propio Regulamento comunitario recoñece na súa parte expositiva, é un asunto que lle compete ao Estado membro en cuestión; non obstante, como igualmente se recolle no regulamento, os réximes nacionais de traslados de residuos deben ter en conta a necesidade de manter a coherencia co sistema comunitario, co fin de garantir un elevado nivel de protección do ambiente e da saúde humana en todo o territorio da Unión.

Por este motivo o artigo 33 do Regulamento comunitario obriga a cada Estado membro a establecer un réxime adecuado de vixilancia e control dos traslados de residuos realizados exclusivamente dentro da súa xurisdición. Este réxime deberá ter en conta a necesidade de garantir a coherencia co réxime comunitario establecido polos títulos II e VII do propio Regulamento comunitario (que regulan respectivamente os traslados no interior da comunidade con ou sen tránsito por terceiros países e as disposicións adicionais relativas á protección do ambiente, ás inspeccións de establecementos e empresas, así como as infraccións e sancións).

## II

Para dar cumprimento ao mandato contido no citado artigo 33 do Regulamento comunitario, a Lei 22/2011, do 28 de xullo, de residuos e solos contaminados, estableceu un réxime xurídico para regular os traslados dos residuos no interior do territorio do Estado, baseado nos principios do dereito internacional e comunitario.

Débase sinalar que non é esta a primeira vez que se aborda a materia no noso ordenamento xurídico. O Real decreto 833/1988, do 20 de xullo, polo que se aproba o Regulamento para a execución da Lei 20/1986, básica de residuos tóxicos e perigosos, xa regulou as obrigas relativas ao traslado de residuos, aínda que circunscritas aos daquela denominados «residuos tóxicos e perigosos» –«residuos perigosos» na actual terminoloxía–, en consonancia coa norma comunitaria entón en vigor: a Directiva 84/631/CEE do Consello, do 6 de decembro de 1984, relativa ao seguimento e ao control na Comunidade dos traslados transfronteirizos de residuos perigosos. A nova regulación contida no presente real decreto, polo contrario, aplicarase, a semellanza do que establece o Regulamento comunitario, a todos os residuos, polo que desta forma se amplían as garantías do seu control e rastrexabilidade.

No Real decreto 833/1988, do 20 de xullo, quedaron xa establecidos os tres elementos básicos que configuran o réxime dos traslados de residuos: en primeiro lugar, a existencia dun compromiso previo entre o produtor dos residuos e o xestor, que garanta que os residuos trasladados serán aceptados e adecuadamente xestionados; en segundo lugar, a necesidade de que os residuos vaian acompañados dun documento de identificación que constitúe o instrumento para o seguimento do residuo desde a súa orixe ata o seu tratamento final e, en terceiro lugar, a obriga de notificar os traslados regulados no Real decreto 833/1988, do 20 de xullo.

A Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos, incluíu un artigo relativo ao «Traslado de residuos dentro do territorio do Estado», en que se regulaban os motivos de oposición das comunidades autónomas á entrada e saída de residuos do seu territorio. Este mesmo artigo estableceu que o Goberno regularía os traslados entre comunidades autónomas.

Dado que esa regulación non se levou a cabo, na práctica os traslados de residuos efectuáronse, desde o ano 1988 ata o momento actual, de conformidade co Real decreto 833/1988, do 20 de xullo, aínda que limitando o seu ámbito aos traslados de residuos perigosos.

## III

A necesidade de manter a unidade de mercado dentro da estrita observancia das normas sobre protección do ambiente, e de respectar o principio da libre circulación de mercadorías –aínda que moi matizado cando se trata de residuos e especialmente se son perigosos– aconsella a adopción de criterios comúns, aplicables a todos os traslados que se realicen no territorio do Estado. Débase salientar que estes criterios foron demandados en numerosas ocasións polas propias comunidades autónomas, que teñen a competencia da vixilancia e control dos movementos de residuos no seu territorio. A Lei 22/2011, do 28 de xullo, ademais de dar cumprimento ás obrigas derivadas do dereito da Unión aludidas anteriormente, sentou as bases para a determinación deses criterios reitores do réxime de traslados. Procede agora, mediante a aprobación deste real decreto, o seu desenvolvemento.

Unha das cuestións que suscitara dúbidas na aplicación do Real decreto 833/1988, do 20 de xullo, era a do propio ámbito de aplicación do réxime de traslados, dúbidas que se estendían ata o mesmo concepto de «traslado» e á diferenza entre o traslado e o transporte dos residuos.

Pois ben, esta cuestión abórdase no artigo 25 da Lei 22/2011, do 28 de xullo, que define o traslado de residuos no interior do Estado –segundo a definición de traslado ofrecida polo Regulamento comunitario– como «o transporte de residuos desde unha comunidade autónoma a outra, para a súa valorización ou eliminación». Desta forma queda delimitado o ámbito de aplicación deste réxime xurídico, que soamente será de obrigada aplicación cando os residuos se transporten dunha comunidade autónoma a outra e cando o destino dos residuos sexa a súa valorización ou eliminación.

Non obstante, para garantir o adecuado cumprimento do establecido no artigo 33 do Regulamento comunitario, as comunidades autónomas regularán os movementos de residuos que se realicen exclusivamente dentro do seu territorio, de forma coherente co réxime establecido neste real decreto.

#### IV

O presente real decreto ten o seu fundamento na disposición derradeira terceira, número 1, da Lei 22/2011, do 28 de xullo, que habilita o Goberno para ditar as disposicións regulamentarias necesarias para o seu desenvolvemento e aplicación, e a súa finalidade é desenvolver o previsto no artigo 25 da Lei sobre os traslados de residuos no interior do territorio do Estado.

A norma estrutúrase en tres capítulos: o primeiro contén as disposicións de carácter xeral, o segundo os requisitos comúns a todos os traslados e o terceiro refírese ao caso específico dos traslados que requiren que se efectúe unha notificación previa aos órganos competentes das comunidades autónomas.

O capítulo I comeza coa determinación do obxecto, o ámbito de aplicación, as definicións e os requisitos xerais dos traslados. En relación co ámbito de aplicación, resulta relevante aclarar que este real decreto resulta de aplicación no ámbito do transporte profesional de residuos, tal como deriva do artigo 26 da Directiva 2008/98/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 19 de novembro de 2008, sobre os residuos e pola que se derrogan determinadas directivas, que queda reflectido no artigo 29.2 da Lei 22/2011, do 28 de xullo.

No ámbito de aplicación menciónanse de maneira expresa os traslados destinados a valorización ou eliminación «intermedias», termos definidos neste mesmo capítulo e que proceden do Regulamento comunitario. Esta inclusión resulta crucial para a cabal comprensión da norma, xa que permite aplicar o réxime xurídico dos traslados aos movementos de residuos entre comunidades autónomas cuxo destino sexa unha instalación de almacenamento.

Este almacenamento vinculado a unha instalación autorizada –instalación diferente daquela en que se produciron os residuos– débese considerar, de conformidade coa Lei 22/2011, do 28 de xullo, unha operación de tratamento –eliminación D15 do anexo I ou valorización R13 do anexo II.

Ademais das mencionadas definicións, introduciuse neste capítulo a de «operador do traslado» como a persoa física ou xurídica que pretende trasladar ou facer trasladar residuos a outra comunidade autónoma para o seu tratamento. O operador será, como regra xeral, o produtor dos residuos e, en caso de que interveñan no traslado, o negociante ou o axente poderán ser os operadores do traslado en lugar do produtor. A determinación do operador é importante para os efectos do control administrativo dos traslados e da aplicación do réxime de vixilancia e sanción previstos na Lei 22/2011, do 28 de xullo. Por isto o real decreto incorpora unha cláusula de peche que establece que, en caso de que todas as persoas anteriores sexan descoñecidas, se considerará operador do traslado a persoa física ou xurídica que estea en posesión dos residuos. O real decreto establece unha excepción á consideración do produtor como operador: cando se trate da recollida a diferentes produtores, que se realizan nun mesmo vehículo, de residuos que se trasladan

dunha soa vez a unha instalación de almacenamento ou a outro tipo de instalación situada noutra comunidade autónoma; neste caso establécese a posibilidade de que sexa o recolledor autorizado ou, se é o caso, o xestor da instalación o que actúe como operador e notifique previamente o traslado desde cada lugar de produción ao almacén. Un exemplo desta situación sería a recollida de aceites industriais usados procedentes de talleres de reparación situados nunha ou en varias comunidades autónomas, que se levan temporalmente a un almacén situado noutra comunidade autónoma distinta, á espera do seu traslado a unha instalación de rexeneración situada nunha terceira. Neste caso o operador do traslado desde cada taller ao almacén será o recolledor autorizado.

Inclúense tamén as definicións de «documento de identificación», que acompaña e identifica os residuos en todo tipo de traslado, e o «contrato de tratamento», que en termos xerais é o acordo entre o operador e o destinatario do traslado que establece, polo menos, as especificacións dos residuos, as condicións do traslado e as obrigas das partes cando se presenten incidencias –equivalente ao denominado «documento de aceptación» no Real decreto 833/1988, do 20 de xullo–. A razón deste cambio de denominación está na confusión que se produciu no pasado entre a «aceptación» como documento que plasma o acordo entre produtor e xestor dos residuos que garante que os residuos serán tratados adecuadamente e a «aceptación» como o feito físico de admitir na planta de tratamento os residuos entregados polo transportista que efectuou o traslado.

Este primeiro capítulo enumera tamén os requisitos xerais dos traslados. Como xa se mencionou anteriormente, existen uns requisitos comúns para todos os traslados –a existencia previa dun «contrato de tratamento», o «documento de identificación»– e un terceiro requisito adicional, a notificación previa, aplicable exclusivamente aos traslados de residuos destinados á eliminación e aos traslados de residuos domésticos mesturados, residuos perigosos e os que regulamentariamente se determinen, cando se destinen, nos tres supostos, a valorización.

Este primeiro capítulo conclúe coa remisión ao réxime de vixilancia, inspección e sanción contido no título VII da Lei 22/2011, do 28 de xullo.

O capítulo II desenvolve os requisitos comúns a todos os traslados, é dicir, o «contrato de tratamento» e o «documento de identificación».

O contrato de tratamento é unha das pezas esenciais deste réxime xurídico. Como se puxo de manifesto anteriormente, equivale ao denominado «documento de aceptación» do Real decreto 833/1988, do 20 de xullo. Trátase dun documento de natureza contractual xurídico-privada, suscrito entre o operador do traslado e a entidade ou empresa que efectuará o tratamento, xa sexa intermedio, xa sexa final. Recóllese tamén na definición do contrato de tratamento que este poida ser suscrito entre o produtor ou posuidor dos residuos no suposto de que o operador sexa o xestor que recolle residuos de distintas orixes. Neste contrato deberase estipular, como mínimo, a cantidade estimada de residuos que se van trasladar, a súa identificación mediante codificación LER, a periodicidade estimada dos traslados, o tratamento ao cal se van someter os residuos, calquera outra información que sexa relevante para o adecuado tratamento dos residuos e as consecuencias xurídicas da non conformidade do traslado co establecido no propio contrato de tratamento.

A existencia deste acordo, que é previo á realización de calquera traslado e que, por regra xeral, dará cobertura a todos os traslados que se prevexa realizar nun determinado período de tempo, supón unha garantía de que os residuos soamente se trasladarán se se destinan a unha planta de tratamento en que serán tratados; ademais, este contrato garante, en caso de incidencias ou de incumprimento del, a existencia dun protocolo de actuación acordado entre o operador e a empresa que vai recibir os residuos para o seu tratamento. Para aquelas situacións que se poidan producir durante un traslado que non estean previstas no contrato de tratamento, o real decreto remite ao establecido no Regulamento comunitario.

Non é menor a importancia do «documento de identificación», denominado no Real decreto 833/1988, do 20 de xullo, «documento de control e seguimento» («DCS»). O seu contido, detallado no anexo I, permite coñecer en todo momento o tipo de residuo, a súa

orixe e destino, o operador do traslado, os datos do transportista e calquera outra circunstancia inherente ao movemento dos residuos. Posúe, por tanto, un papel esencial para a adecuada rastrexabilidade e para facilitarlles ás administracións as súas funcións de control, vixilancia e inspección.

Este capítulo regula finalmente o suposto do rexeitamento dos residuos na planta de tratamento á cal se trasladaron. Este real decreto establece dous posibles supostos: a devolución do residuo ao lugar de orixe acompañado do mesmo documento de identificación, e o almacenamento do residuo de forma temporal previamente ao seu envío a outra instalación de tratamento, xunto cun novo documento de identificación. Neste último caso, obriga a efectuar unha nova notificación de traslado cando os residuos non sexan devoltos ao seu lugar de orixe senón que se trasladan a outra planta, xa sexa na comunidade autónoma de destino, xa sexa noutra diferente.

O capítulo III e último desenvolve o requisito adicional da «notificación previa» á cal se someten determinados tipos de traslados que, pola natureza dos residuos ou polo tratamento a que se someterán, deben ser previamente postos en coñecemento das administracións afectadas, co fin de que poidan, se hai razóns que o xustifican, opoñerse a eles.

Deste modo, todo traslado de residuos destinado á eliminación débese notificar previamente, xa que este tipo de tratamento ocupa o último lugar na xerarquía de residuos, consagrada no artigo 8 da Lei 22/2011, do 28 de xullo, e por tanto débese proporcionar á Administración a ocasión de que valore se existe unha alternativa ao traslado de residuos a outra comunidade autónoma para a súa eliminación, de acordo cos principios de autosuficiencia e proximidade, sentados tamén na lei.

Tamén se someten a notificación previa determinados residuos que, aínda que destinados á valorización, poden ter efectos que deben ser analizados polas administracións: trátase dos residuos domésticos mesturados, dos perigosos e daqueles que regulamentariamente se determine.

O procedemento de notificación previa deseñouse tendo presente a necesidade de simplificar e facilitar aos operadores os trámites administrativos e, para isto, o prazo que se lles outorga ás administracións para manifestarse –dez días– é moi breve e o silencio administrativo ten carácter positivo, de maneira que se no dito prazo non hai pronunciamento o operador poderá efectuar o traslado.

Así mesmo, e co obxectivo tamén de simplificación, prevese que o operador poida efectuar unha notificación xeral cunha vixencia de tres anos para residuos de similares características físicas e químicas que vaian a un mesmo destinatario e instalación.

Os motivos de oposición aos traslados recolléronse integramente neste capítulo para facilitar o labor de aplicación da norma, evitando as remisións en serie á Lei 22/2011, do 28 de xullo, e ao Regulamento comunitario, ao cal a lei, pola súa vez, se remitía para determinar os ditos motivos de oposición. En aplicación da Lei 20/2013, do 9 de decembro, de garantía da unidade de mercado, non poderá ser causa de oposición ao traslado que determinados servizos estean declarados, no territorio de destino, servizo público ao abeiro do artigo 14.6 da Lei 22/2011, do 28 de xullo.

A parte final da norma está integrada por dúas disposicións adicionais, unha disposición transitoria que permite que se sigan utilizando os documentos existentes mentres non estean dispoñibles os formatos adaptados á nova regulación, unha disposición derogatoria que derroga expresamente determinados artigos do Real decreto 833/1988, do 20 de xullo, e catro disposicións derradeiras sobre modificación do anexo VIII da Lei 22/2011, do 28 de xullo, títulos competenciais, autorización para a actualización dos anexos e entrada en vigor.

A disposición adicional primeira establece que os trámites previstos nela se efectuarán por vía electrónica. Para estes efectos, está previsto que todos os documentos de traslados estean dispoñibles en formato electrónico e único para todo o territorio do Estado. Estes documentos adecuaranse ás situacións previstas neste real decreto.

Mediante a disposición adicional segunda regúlanse os movementos de residuos no interior do territorio das comunidades autónomas, que deberán establecer o seu propio



régime de vixilancia e control dos movementos de residuos realizados exclusivamente dentro do seu territorio. A finalidade desta disposición é completar a regulación de todos os movementos de residuos que se realicen no interior do territorio nacional –e non soamente os que se realizan entre comunidades autónomas–, garantíndose así o completo e correcto cumprimento do artigo 33 do Regulamento (CE) n.º 1013/2006 do Parlamento Europeo e do Consello, do 14 de xuño de 2006, relativo aos traslados de residuos, segundo o cal os Estados membros deben regular os traslados dentro da súa xurisdición.

O réxime dos traslados no interior de cada comunidade autónoma deberá ter en conta a necesidade de garantir a coherencia co réxime de traslados entre comunidades autónomas e, en particular, a existencia dun documento de identificación que acompañe os residuos nos seus movementos, a notificación previa e a existencia dun contrato de tratamento.

A disposición adicional cuarta regula os traslados de residuos entre comunidades autónomas cando existe un país de tránsito pertencente á Unión Europea e cando o país de tránsito é un terceiro país, en canto ás competencias relativas ás autorizacións e tramitacións, de acordo co Regulamento (CE) n.º 1013/2006 do Parlamento Europeo e do Consello, do 14 de xuño de 2006.

A disposición derradeira primeira introduce unha modificación da alínea f) do anexo VIII da Lei 22/2011, do 28 de xullo, sobre o contido da comunicación dos produtores e xestores de residuos, co fin de adaptalo á nova denominación do documento de aceptación, que en virtude deste real decreto pasa a denominarse contrato de tratamento.

Aínda que a disposición derradeira terceira da Lei 22/2011, do 28 de xullo, establece que «a actualización e modificación dos anexos desta lei levarase a cabo mediante orde do ministro de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente», razóns de seguridade xurídica conduciron á opción de facer esta lixeira modificación a través desta norma.

Os títulos competenciais en que se fundamenta este real decreto son o artigo 149.1.13.<sup>a</sup> da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva sobre as bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica, e o artigo 149.1.23.<sup>a</sup>, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en lexislación básica sobre protección do ambiente, sen prexuízo das facultades das comunidades autónomas de estableceren normas adicionais de protección.

Sobre o primeiro dos títulos competenciais mencionados débese sinalar que os traslados de residuos teñen unha grande importancia na economía. Os residuos son mercadorías –aínda que é certo que como tales presentan algunhas singularidades–, polo que están sometidos ás regras da libre circulación e ao principio de unidade de mercado. A regulación dos traslados de residuos, por tanto, debe fundamentarse neste título. Agora ben, como mercadorías con características específicas deben quedar tamén sometidas ás normas sobre protección do ambiente, polo que resulta tamén imprescindible mencionar o título competencial do artigo 149.1.23.<sup>a</sup> da Constitución.

Son dous os anexos do real decreto: un relativo ao contido do documento de identificación e outro ao da notificación de traslado.

As medidas contidas neste real decreto enmárcanse dentro das actuacións previstas no seo da Comisión para a Reforma das Administracións Públicas (Cora) dirixidas á redución de cargas administrativas e simplificación de procedementos.

Na elaboración deste real decreto foron consultadas as comunidades autónomas, as cidades de Ceuta e Melilla e os sectores máis representativos potencialmente afectados. Ademais, someteuse ao Consello Asesor do Medio Ambiente, á Comisión de coordinación en materia de residuos e ao trámite de participación pública, de acordo co disposto na Lei 27/2006, do 18 de xullo, pola que se regulan os dereitos de acceso á información, de participación pública e de acceso á xustiza en materia de ambiente.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, coa aprobación previa do ministro de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros, na súa reunión do día 13 de marzo de 2015,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I

**Disposicións xerais**

*Artigo 1. Obxecto e ámbito de aplicación.*

1. O presente real decreto ten por obxecto desenvolver o réxime xurídico dos traslados de residuos que se realizan no interior do territorio do Estado, regulado no artigo 25 da Lei 22/2011, do 28 de xullo, de residuos e solos contaminados.

2. Este real decreto aplícase aos traslados de residuos entre comunidades autónomas para a súa valorización ou eliminación, incluídos os traslados que se producen a instalacións que realizan operacións de valorización ou eliminación intermedias.

*Artigo 2. Definicións.*

Ademais das definicións contidas na Lei 22/2011, do 28 de xullo, para os efectos deste real decreto entenderase por:

a) «Operador do traslado»: a persoa física ou xurídica que pretende trasladar ou facer trasladar residuos para o seu tratamento, e en quen recae a obriga de notificar o traslado. O operador é algunha das persoas físicas ou xurídicas da seguinte lista, elixidas de acordo coa orde establecida nela:

1.º O produtor do residuo de acordo coa definición do artigo 3.i) da Lei 22/2011, do 28 de xullo, con carácter xeral e sempre que a orixe do traslado sexa o lugar de produción do residuo.

2.º O xestor do almacén ou da instalación de tratamento, no caso de que se recollan residuos procedentes de distintos produtores ou posuidores nun único vehículo e se trasladen a un almacén ou a unha instalación de tratamento de residuos.

3.º O xestor do almacén, no caso de que o traslado se realice desde un almacén autorizado.

4.º O negociante, previsto na definición do artigo 3.k) da Lei 22/2011, do 28 de xullo.

5.º O axente, previsto no artigo 3.l) da Lei 22/2011, do 28 de xullo, autorizado por escrito polo terceiro que lle encargou a xestión dos residuos.

6.º O posuidor do residuo, nos casos en que os suxeitos anteriores sexan descoñecidos.

Os reais decretos que regulen os fluxos específicos de residuos poderán determinar quen é o operador do traslado en cada caso.

b) «Destinatario do traslado»: a entidade ou empresa que vai realizar o tratamento dos residuos na instalación de destino.

c) «Almacenamento»: as operacións R13 e D15 dos anexos I e II da Lei 22/2011, do 28 de xullo.

d) «Tratamento intermedio»: as operacións R12, D13 e D14 dos anexos I e II da Lei 22/2011, do 28 de xullo.

e) «Orixe do traslado»: o lugar desde o cal se inicia o traslado de residuos.

f) «Destino do traslado»: o lugar onde finaliza o traslado de residuos.

g) «Documento de identificación»: o documento que identifica e acompaña o residuo durante o seu traslado. O seu contido será o establecido no anexo I.

h) «Contrato de tratamento de residuos»: o acordo entre o operador e o destinatario do traslado que establece, polo menos, as especificacións dos residuos, as condicións do traslado e as obrigas das partes cando se presenten incidencias. Para o caso dos traslados previstos no artigo 2.a).2.º, no cal se prevé que se recollan residuos procedentes de distintas orixes, o contrato de tratamento establecerase entre o produtor ou posuidor do residuo e o xestor da instalación de destino.

Nos casos en que a norma dun determinado fluxo de residuos así o estableza, os sistemas de responsabilidade ampliada do produtor que organicen a xestión dos residuos poderán ser os que subscriban o contrato de tratamento.

*Artigo 3. Requisitos xerais dos traslados.*

1. Son requisitos aplicables a todos os traslados de residuos regulados neste real decreto os seguintes:

a) Dispoñer, con carácter previo ao inicio dun traslado, dun contrato de tratamento segundo se establece no artigo 2.h). No caso dos residuos que se trasladen entre dúas instalacións de tratamento que sexan xestionadas pola mesma entidade xurídica, este contrato poderase substituír por unha declaración da entidade en cuestión que inclúa, polo menos, o contido especificado no artigo 5.

b) Que os residuos vaian acompañados dun documento de identificación desde a orixe ata a súa recepción na instalación de destino.

2. Ademais dos requisitos establecidos no punto anterior, quedan sometidos ao requisito de notificación previa ao traslado:

a) Os traslados de residuos perigosos;  
b) Os traslados de residuos destinados á eliminación;  
c) Os traslados de residuos destinados a instalacións de incineración clasificadas como valorización, segundo o previsto na operación R1 do anexo II da Lei 22/2011, do 28 de xullo, no relativo ao cumprimento da fórmula de eficiencia enerxética;

d) Os traslados que se destinen a valorización de residuos domésticos mesturados identificados co código LER 20 03 01 e dos residuos que regulamentariamente se establezan.

3. Quedan excluídos do requisito de notificación previa:

a) Os traslados de residuos non perigosos indicados nas alíneas c e d do punto 2, destinados á valorización, se a cantidade de residuos trasladados non excede os 20 kg.

b) Os traslados de residuos destinados á análise de laboratorio para avaliar as súas características físicas ou químicas ou para determinar a súa idoneidade para operacións de valorización ou eliminación. A cantidade de tales residuos, salvo cando sexan expresamente destinados á análise de laboratorio, determinarase en función da cantidade mínima que sexa razoablemente necesaria para facer a análise en cada caso, e non superará os 25 kg.

*Artigo 4. Vixilancia, control, inspección e réxime sancionador.*

A vixilancia, o control e a inspección dos traslados de residuos, así como a sanción das infraccións do establecido neste real decreto, efectuaranse de conformidade co disposto no título VII da Lei 22/2011, do 28 de xullo.

## CAPÍTULO II

### Requisitos comúns a todos os traslados

*Artigo 5. Contido do contrato de tratamento de residuos.*

O contrato de tratamento de residuos conterá, polo menos, os seguintes aspectos:

- Cantidade estimada de residuos que se vai trasladar.
- Identificación dos residuos mediante a súa codificación LER.
- Periodicidade estimada dos traslados.



d) Calquera outra información que sexa relevante para o adecuado tratamento dos residuos.

e) Tratamento a que se van someter os residuos, de conformidade cos anexos I e II da Lei 22/2011, do 28 de xullo.

f) Obrigas das partes en relación coa posibilidade de rexeitamento dos residuos por parte do destinatario.

#### Artigo 6. *Documento de identificación.*

1. Antes de iniciar un traslado de residuos o operador cubrirá o documento de identificación, co contido do anexo I, que entregará ao transportista para a identificación dos residuos durante o traslado. Os documentos de identificación serán coherentes coas previsións do contrato de tratamento.

2. Unha vez efectuado o traslado, o transportista entregará o documento de identificación ao destinatario dos residuos. Tanto o transportista como o destinatario incorporarán a información ao seu arquivo cronolóxico e conservarán unha copia do documento de identificación asinada polo destinatario en que conste a entrega dos residuos.

3. O destinatario dispoñerá dun prazo de trinta días desde a recepción dos residuos para efectuar as comprobacións necesarias e para remitir ao operador o documento de identificación, indicando a aceptación ou o rexeitamento dos residuos, de conformidade co previsto no contrato de tratamento. O documento de identificación recibido polo operador permitirá a acreditación documental da entrega de residuos prevista no artigo 17 da Lei 22/2011, do 28 de xullo.

4. No caso de residuos sometidos a notificación previa, o destinatario do traslado de residuos remitirá, no prazo de trinta días desde a entrega dos residuos, o documento de identificación ao órgano competente da comunidade autónoma de orixe e de destino, para efectos de control, seguimento, inspección e estatística, salvo nos supostos de aplicación do número 8.

5. No caso de traslados de residuos non sometidos ao procedemento de notificación previa, poderá facer a función de documento de identificación un albará, unha factura ou outra documentación prevista na lexislación aplicable como unha carta de porte ou documento de control, sempre que recolla a información do anexo I relativo ao contido do documento de identificación.

6. A acreditación documental do tratamento completo dos residuos por parte do negociante á persoa física ou xurídica que lle entregou os residuos, prevista no artigo 20.3, segundo parágrafo, da Lei 22/2011, do 28 de xullo, levaraa a cabo o negociante mediante a entrega:

a) Do documento de identificación coa aceptación dos residuos por parte do destinatario, no prazo de trinta días desde que o negociante recibiu o documento de identificación coa aceptación dos residuos, ou

b) Dunha declaración de entrega dos residuos a un xestor autorizado e de aceptación por parte deste xestor autorizado para o seu tratamento completo, cando o negociante así o acorde coa persoa física ou xurídica que entregou os residuos. A declaración de entrega poderá ser para un traslado ou para varios traslados, relativos a un período máximo de tempo dun ano. Esta declaración entregarase no prazo de trinta días desde que o negociante recibiu o documento de identificación do traslado coa aceptación dos residuos, ou no prazo de trinta días desde que se recibiu o documento de identificación do último traslado coa aceptación dos residuos, no caso de declaracións para varios traslados.

O negociante, cando se trate de residuos non perigosos, poderá excluír da declaración a información do punto 6 do anexo I, relativa ao destino do residuo, con excepción da operación de tratamento a que se someteu o residuo e do número de identificación ambiental (NIMA) da instalación de destino. Cando nas declaracións mencionadas se omitan os datos previstos no parágrafo anterior, o negociante presentará unha memoria

resumo da información contida no arquivo cronolóxico ás comunidades autónomas de orixe e de destino dos traslados, prevista no artigo 41 da Lei 22/2011, do 28 de xullo, para efectos de control, seguimento, inspección e estatística.

En todo caso, o negociante manterá os documentos de identificación dos traslados realizados á disposición das autoridades competentes durante o prazo de tres anos previsto no artigo 40 da Lei 22/2011, do 28 de xullo.

7. No caso de residuos xestionados polas entidades locais de maneira directa ou indirecta, o operador poderá emitir un documento de identificación para varios traslados cunha vixencia máxima dun ano, sempre que coincidan os tipos de residuos, así como a orixe e o destino do traslado. Este documento deberase modificar cando cambie algunha das circunstancias mencionadas. Cada vehículo dispoñerá do seu propio documento de identificación. A información relativa ás cantidades de residuos que se trasladan incorporárase ao documento de identificación cando os residuos se pesen en cada unha das entregas á instalación de destino. Estes documentos de identificación serán remitidos anualmente pola instalación de destino ás comunidades autónomas de orixe e destino.

8. No caso dos traslados de residuos que regulamentariamente se establezan, a normativa que regule estes residuos determinará en que casos poderá facer a función de documento de identificación calquera documento comercial, como albará, factura ou outra documentación prevista na lexislación aplicable.

#### Artigo 7. *Rexeitamento dos residuos.*

1. Efectuado o traslado, se os residuos non son aceptados polo destinatario, este enviaralle ao operador do traslado o documento de identificación en que sinale a non aceptación dos residuos e, de acordo co establecido no contrato de tratamento, poderá optar por:

- a) Devolver o residuo ao lugar de orixe xunto co documento de identificación coa indicación da devolución do residuo.
- b) Enviar os residuos a outra instalación de tratamento. Este traslado deberá ir acompañado dun novo documento de identificación. O operador deste novo traslado será o operador do traslado inicial.

2. Cando os traslados estean sometidos ao procedemento de notificación previa, no caso do punto 1b), o operador do traslado inicial deberá presentar ás comunidades autónomas de orixe e destino unha nova notificación correspondente ao novo traslado. No caso dos puntos 1 a) e b) o operador do traslado inicial remitirá ás comunidades de orixe e destino o documento de identificación.

### CAPÍTULO III

#### Requisitos específicos

#### Artigo 8. *Notificación previa de traslado.*

1. Os operadores dos traslados mencionados no artigo 3.2 presentarán ante o órgano competente da comunidade autónoma de orixe e de destino unha notificación previa, co contido especificado no anexo II, polo menos dez días antes de que se leve a cabo o traslado.

A notificación poderá servir para múltiples traslados sempre que os residuos teñan características físicas e químicas similares e os residuos se trasladan ao mesmo destinatario e á mesma instalación. Esta notificación denominarase notificación xeral, presentarase polo menos dez días antes do primeiro traslado e terá un prazo de vixencia máximo de tres anos.

2. Deberase efectuar unha nova notificación cando se trasladase a cantidade de residuos notificada, cando se produza algún cambio nos aspectos mencionados no número 1 ou cando transcorrese o prazo de vixencia previsto.

3. Cando os residuos teñan como destino unha instalación de tratamento intermedio, na notificación previa deberán constar as posibles instalacións de tratamento a que se destinarán finalmente os residuos, ata un máximo de tres. Esta información cubriráa o operador, salvo que, por razóns de confidencialidade, o xestor da instalación intermedia opte por incorporar esta información el mesmo na notificación, caso en que a notificación a remitirá o operador ao xestor da instalación intermedia, e este ás comunidades autónomas de orixe e de destino.

4. O operador poderá efectuar o traslado se, transcorridos dez días desde a presentación da notificación previa, os órganos competentes das comunidades autónomas de orixe e de destino non solicitasen información ou documentación complementaria, emenda de erros, ou non manifestasen a súa oposición ao traslado, de conformidade co establecido no artigo seguinte.

#### Artigo 9. *Oposición ao traslado.*

1. No prazo máximo de dez días desde a data da presentación da notificación de traslado, o órgano competente das comunidades autónomas de orixe e destino poderase opoñer ao traslado, alegando algunha das causas previstas no artigo 25 da Lei 22/2011, do 28 de xullo, e desenvolvidas nos seguintes números 2 e 3, motivando esta decisión.

O prazo de dez días quedará interrompido se as administracións solicitan información, documentación complementaria ou emenda de erros, cos efectos previstos no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. A Administración solicitante informará sobre isto o órgano competente da outra comunidade autónoma afectada.

Se algún dos órganos competentes se opón ao traslado, comunicará a súa decisión ao operador do traslado e ao órgano competente da outra comunidade autónoma afectada.

2. A autoridade competente das comunidades autónomas poderase opoñer aos traslados de residuos destinados á eliminación cando:

a) O traslado ou a eliminación previstos non se axusten ás disposicións nacionais vixentes en materia de protección do ambiente, de orde pública, de seguridade pública ou de protección da saúde.

b) O traslado ou a eliminación previstos non se axusten ao disposto na Lei 22/2011, do 28 de xullo, especialmente no seu artigo 9, relativo ao principio de autosuficiencia e proximidade, e no artigo 14, sobre plans e programas de xestión de residuos, tendo en conta as circunstancias xeográficas ou a necesidade de contar con instalacións especializadas para determinados tipos de residuos porque:

1.º A instalación da rede integrada estatal de instalacións de eliminación, prevista no artigo 9 da Lei 22/2011, do 28 de xullo, non sexa a máis próxima ao lugar onde se xerou o residuo.

2.º O residuo deba eliminarse nunha instalación especializada, e nesta instalación teñan que eliminarse residuos procedentes dunha fonte máis próxima e a Administración competente dese prioridade a estes residuos.

3.º Os traslados, en caso de se produciren, non se axustarían aos plans de xestión de residuos.

c) Os residuos sexan tratados en instalacións recollidas na Lei 16/2002, do 1 de xullo, de prevención e control integrados da contaminación, pero que non aplican as mellores técnicas dispoñibles definidas no artigo 3.15 da dita lei, de conformidade coa autorización ambiental integrada de que dispoña a instalación.

d) Se trate de residuos domésticos mesturados procedentes de fogares.

3. A autoridade competente das comunidades autónomas poderase opoñer aos traslados de residuos destinados a valorización dos residuos indicados no artigo 3.2, alíneas a), c) e d), cando:

a) O traslado ou a valorización previstos non se axusten ao disposto na Lei 22/2011, do 28 de xullo, en particular ao seu artigo 7 sobre protección da saúde humana e o ambiente, ao artigo 8 sobre xerarquía de residuos, ao artigo 14 sobre plans e programas de xestión de residuos, e ao artigo 27 sobre autorización das operacións de valorización dos residuos.

b) O traslado ou a valorización previstos non se axusten ás disposicións legais e regulamentarias nacionais en materia de protección do ambiente, orde pública, seguridade pública ou protección da saúde.

c) Os residuos en cuestión non sexan tratados de acordo cos plans de xestión de residuos elaborados en virtude do artigo 14 sobre plans e programas de xestión de residuos da Lei 22/2011, do 28 de xullo, co fin de garantir o cumprimento dos obxectivos establecidos en materia de valorización ou reciclaxe na lexislación comunitaria e nacional.

d) Así mesmo, no caso de residuos municipais destinados a instalacións de incineración clasificadas como valorización, de acordo co artigo 3.2.c), poderase alegar como causa de oposición:

1.º Que os traslados, en caso de se produciren, terían como consecuencia que os residuos producidos na comunidade autónoma de destino teñan que ser eliminados.

2.º Que os traslados, en caso de se produciren, terían como consecuencia que os residuos da comunidade autónoma de destino teñan que ser tratados de maneira que non sexa compatible cos seus plans de xestión de residuos.

4. Cando se produzan traslados de residuos a instalacións de tratamento intermedio, os órganos competentes das comunidades autónomas de orixe e destino valorarán a súa posible oposición ao traslado polos motivos recollidos nos números 2 e 3 deste artigo, en relación coas operacións e instalacións de tratamento intermedio, así como en relación coas operacións e instalacións de tratamento posteriores.

5. As decisións que adopten as comunidades autónomas en aplicación dos números 2 e 3 serán motivadas, notificadas á Comisión de coordinación en materia de residuos, e non poderán ser contrarias ao Plan nacional marco de xestión de residuos.

A Comisión de coordinación en materia de residuos prestará especial atención a unha interpretación e aplicación coherentes en todo o territorio nacional dos motivos de oposición ao traslado e propoñerá, se for o caso, a adopción de acordos que garantan este obxectivo.

6. A oposición ao traslado do órgano competente será susceptible de recurso nos termos previstos na Lei 30/1992, do 26 de novembro.

Disposición adicional primeira. *Tramitación electrónica.*

Os trámites regulados neste real decreto realizaranse por vía electrónica no prazo máximo dun ano desde a súa entrada en vigor, mediante documentos estandarizados para todo o territorio do Estado que estarán dispoñibles nos portais web ou sedes electrónicas das administracións públicas competentes. O formato dos documentos adecuarase aos contidos previstos neste real decreto.

A presentación dos documentos electrónicos obxecto deste real decreto ante os órganos competentes das comunidades autónomas poderana efectuar as persoas ou entidades habilitadas para a presentación electrónica de documentos en representación de terceiros, nos termos establecidos no Real decreto 1671/2009, do 6 de novembro, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos.

Disposición adicional segunda. *Movements de residuos no interior dunha comunidade autónoma.*

Para garantir o adecuado cumprimento do establecido no artigo 33 do Regulamento (CE) n.º 1013/2006 do Parlamento Europeo e do Consello, do 14 de xuño de 2006, relativo aos traslados de residuos, as comunidades autónomas establecerán un réxime adecuado de vixilancia e control dos movementos de residuos realizados exclusivamente dentro do seu territorio no prazo máximo dun ano desde a entrada en vigor deste real decreto ou ben poderán optar por aplicar directamente no seu territorio este real decreto. As comunidades autónomas informarán a Comisión de coordinación en materia de residuos do réxime de vixilancia e control que establezan no seu territorio.

Este réxime deberá ter en conta a coherencia co réxime de traslados establecido neste real decreto. En particular, o réxime aplicable aos movementos de residuos no interior dunha comunidade autónoma incluírá, polo menos, a exigencia para todos os movementos de residuos dun documento de identificación que vaia con eles, un contrato de tratamento de residuos, así como unha notificación previa nos supostos do artigo 3.2 do presente real decreto, para os efectos da oposición ao seu tratamento na comunidade autónoma cando careza de instalacións adecuadas no seu territorio ou se previse nos seus plans de residuos unha solución alternativa ao seu tratamento neste.

Disposición adicional terceira. *Situacións de emerxencia.*

Os traslados urxentes de residuos motivados por razóns de forza maior, accidentes, derramamentos ou outras situacións de emerxencia estarán exentos dos requisitos deste real decreto. Os operadores destes traslados informarán da súa realización o antes posible as comunidades autónomas afectadas e, en todo caso, inmediatamente despois da súa realización.

Disposición adicional cuarta. *Traslados de residuos con tránsito por outro país.*

1. Os traslados de residuos entre comunidades autónomas con tránsito por outro país comunitario ou por un terceiro país rexeranse polo disposto no Regulamento (CE) n.º 1013/2006 do Parlamento Europeo e do Consello, do 14 de xuño de 2006, relativo aos traslados de residuos.

2. As competencias para a autorización e tramitación destes traslados corresponderán ao ministerio competente en materia de ambiente, en aplicación do artigo 12.3.c) da Lei 22/2011, do 28 de xullo, cando o país de tránsito non pertenza á Unión Europea, e corresponderán ás comunidades autónomas, en aplicación do artigo 12.4.d) da Lei 22/2011, do 28 de xullo, cando o país de tránsito pertenza á Unión Europea.

Disposición transitoria única. *Réxime transitorio.*

1. As administracións públicas competentes adaptarán o procedemento e os documentos de traslado ao previsto neste real decreto no prazo dun ano desde a súa entrada en vigor. Mentres non se produza esta adaptación seguiranse utilizando os documentos de traslado existentes, que deberán estar dispoñibles nas páxinas web das administracións públicas competentes.

2. Non obstante o previsto no artigo 8.1, os operadores poderán optar por remitir a notificación previa unicamente á autoridade competente da comunidade autónoma de orixe, se así o indican na notificación previa. Non obstante o previsto no artigo 6.4, os destinatarios dos traslados de residuos poderán optar por remitir o documento de identificación unicamente á autoridade competente da comunidade autónoma de destino.

Nestes casos, a autoridade receptora enviará os documentos electronicamente á outra comunidade autónoma no prazo de tres días e, para efectos do cómputo dos prazos previstos no artigo 8, comunicará ao operador a data de recepción da notificación previa pola autoridade de destino.



3. Mentres non se leve a cabo a tramitación electrónica prevista na disposición adicional primeira, os prazos previstos no artigo 8 computaranse desde a data de recepción da notificación previa polos órganos competentes das comunidades autónomas de orixe e de destino; cando as datas de recepción non coincidan, o prazo computarase a partir da máis tardía. Para estes efectos, os órganos competentes das comunidades autónomas remitirán un xustificante da recepción ao operador, no cal constará a data de recepción.

4. Mentres non se modifiquen os reais decretos de fluxos específicos de residuos, naqueles residuos en que os sistemas de responsabilidade ampliada do produtor estivesen subscribindo contratos de tratamento, poderán seguir facéndoo para o cumprimento do artigo 3.1.a) ata que se inclúan previsións específicas sobre esta cuestión nos reais decretos dos fluxos de residuos.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas todas aquelas disposicións que se opoñan, contradigan ou resulten incompatibles co disposto neste real decreto e, en particular, os seguintes artigos do Regulamento para a execución da Lei 20/1986, básica de residuos tóxicos e perigosos, aprobado polo Real decreto 833/1988, do 20 de xullo: 1, 2, 3, 4, 5, 8, 9, 10, 11, 12, 16, 17, 18, 19, 20, 21, 22.2, 22.3, 23, 24, 25, 26, 29, 30, 32, 33, 34, 35, 36, 37, 38, 39, 40, 41, 42, 43, 44, 46, 47, 48, 49, 52, 53, 54, 55, 57, 58, 59, 60, disposicións transitorias primeira, segunda, terceira, disposición adicional e disposición adicional segunda.

Disposición derradeira primeira. *Modificación do anexo VIII da Lei 22/2011, do 28 de xullo, de residuos e solos contaminados.*

A alínea f) do anexo VIII da Lei 22/2011, do 28 de xullo, de residuos e solos contaminados, queda redactada como segue:

«f) As operacións de tratamento previstas para os residuos, o contrato de tratamento co xestor dos residuos, cando dispoña deste, ou, na súa falta, declaración responsable do produtor en que faga constar o seu compromiso de subscribir co xestor o correspondente contrato de tratamento.»

Disposición derradeira segunda. *Títulos competenciais.*

Este real decreto ten o carácter de lexislación básica de conformidade co disposto no artigo 149.1.13.<sup>a</sup> da Constitución española, que lle atribúe ao Estado a competencia sobre bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica, e no artigo 149.1.23.<sup>a</sup> da Constitución, que lle atribúe ao Estado a lexislación básica sobre protección do ambiente.

Disposición derradeira terceira. *Autorización para a actualización dos anexos.*

Autorízase o ministro de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente para actualizar os anexos deste real decreto mediante orde ministerial.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor nun prazo dun mes contado desde a súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 13 de marzo de 2015.

FELIPE R.

A ministra de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente,  
ISABEL GARCÍA TEJERINA

## ANEXO I

### Contido do documento de identificación

1. Número de documento de identificación<sup>1</sup>.
2. Número de notificación previa<sup>1</sup>.
3. Data de inicio do traslado.
4. Información relativa ao operador do traslado:
  - a) Nome ou razón social.
  - b) NIF.
  - c) Enderezo: rúa, municipio, provincia, comunidade autónoma, país.
  - d) Datos de contacto: teléfono, fax, correo electrónico.
  - e) Número de inscrición no Rexistro de Produción e Xestión de Residuos<sup>2</sup>.
  - f) Tipo de operador<sup>3</sup>.
  - g) Número de identificación ambiental (NIMA)<sup>2</sup>.
5. Información relativa á orixe do traslado<sup>4</sup>:
  - a) Información do centro produtor ou posuidor de residuos ou da instalación orixe do traslado:
    - 1.º Nome ou razón social do centro ou instalación.
    - 2.º NIF<sup>5</sup>.
    - 3.º Enderezo: rúa, municipio, provincia, comunidade autónoma, país.
    - 4.º Número de inscrición no Rexistro de Produción e Xestión de Residuos<sup>2</sup>.
    - 5.º Número de identificación ambiental (NIMA)<sup>2</sup> do centro produtor ou da instalación.
    - 6.º Código de actividades económicas (CNAE).
  - b) Información da empresa autorizada para realizar operacións de tratamento de residuos, incluído o almacenamento, en caso de que a orixe do traslado sexa unha instalación de tratamento de residuos:
    - 1.º Nome ou razón social.
    - 2.º NIF.
    - 3.º Enderezo: rúa, municipio, provincia, comunidade autónoma, país.
    - 4.º Datos de contacto: teléfono, fax, correo electrónico.
    - 5.º Número de inscrición no Rexistro de Produción e Xestión de Residuos<sup>2</sup>.
    - 6.º Número de identificación ambiental (NIMA)<sup>2</sup>.
6. Información relativa ao destino do traslado:
  - a) Información da instalación destino:
    - 1.º Nome ou razón social da instalación.
    - 2.º NIF do titular da autorización.
    - 3.º Enderezo: rúa, municipio, provincia, comunidade autónoma, país.
    - 4.º Número de inscrición no Rexistro de Produción e Xestión de Residuos<sup>2</sup>.
    - 5.º Número de identificación ambiental (NIMA)<sup>2</sup> da instalación de tratamento.
    - 6.º Operación de tratamento a que se van someter os residuos de acordo cos anexos I e II da Lei 22/2011, do 28 de xullo, de residuos e solos contaminados<sup>6</sup>.
  - b) Información da empresa autorizada para realizar operacións de tratamento de residuos, incluído o almacenamento na instalación de destino:
    - 1.º Nome ou razón social.
    - 2.º NIF.
    - 3.º Enderezo do domicilio social: rúa, municipio, provincia, comunidade autónoma, país.
    - 4.º Datos de contacto: teléfono, fax, correo electrónico.

- 5.º Número de inscrición no Rexistro de Produción e Xestión de Residuos<sup>2</sup>.
- 6.º Número de identificación ambiental (NIMA)<sup>2</sup>.
7. Características do residuo que se traslada:
  - a) Código do residuo de acordo coa Lista europea de residuos (LER), establecida na Decisión 2000/532/CE da Comisión, do 3 de maio de 2000.
  - b) Descrición do residuo.
  - c) Cantidade de residuos que se transportan en kg.
  - d) No caso de residuos perigosos, indicación das características de perigosidade de acordo co anexo III da Lei 22/2011, do 28 de xullo, de residuos e solos contaminados.
8. Información relativa aos transportistas que interveñen no traslado:
  - a) Nome ou razón social.
  - b) Enderezo do domicilio social: rúa, municipio, provincia, comunidade autónoma, país.
  - c) NIF.
  - d) Datos de contacto: teléfono, fax, correo electrónico.
  - e) Número de inscrición no Rexistro de Produción e Xestión de Residuos<sup>2</sup>.
  - f) Número de identificación ambiental (NIMA)<sup>2</sup>.
9. Outras informacións:
  - a) Data de entrega dos residuos.
  - b) Cantidade recibida en kg.
  - c) Información datada sobre a aceptación ou o rexeitamento dos residuos.
  - d) En caso de rexeitamento dos residuos, se se opta pola devolución á instalación de orixe, indícarase coa data do novo traslado.
  - e) Identificación do sistema de responsabilidade ampliada do produtor que, se é o caso, organiza o traslado.
10. Indicar se se opta por que sexa a autoridade competente da comunidade autónoma ante a cal se presenta o documento de identificación a que remita o dito documento á autoridade competente da comunidade autónoma de orixe do traslado.

## ANEXO II

### Contido da notificación previa de traslado

1. Número de notificación<sup>1</sup>.
2. Tipo de notificación:
  - a) Individual.
  - b) Múltiple.
3. Data prevista do primeiro traslado.
4. Período que abrangue a notificación.
5. Frecuencia con que se realizarán os traslados.
6. Información relativa ao operador do traslado:
  - a) Nome ou razón social.
  - b) NIF.
  - c) Enderezo: rúa, municipio, provincia, comunidade autónoma, país.
  - d) Datos de contacto: teléfono, fax, correo electrónico.
  - e) Número de inscrición no Rexistro de Produción e Xestión de Residuos<sup>2</sup>.
  - f) Tipo de operador<sup>3</sup>.
  - g) Número de identificación ambiental (NIMA)<sup>2</sup>.

7. Información relativa á orixe do traslado<sup>4</sup>:
  - a) Información do centro produtor ou posuidor de residuos ou da instalación orixe do traslado:
    - 1.º Nome ou razón social do centro ou instalación.
    - 2.º NIF<sup>5</sup>.
    - 3.º Enderezo: rúa, municipio, provincia, comunidade autónoma, país.
    - 4.º Código de actividades económicas (CNAE).
    - 5.º Número de inscrición no Rexistro de Produción e Xestión de Residuos<sup>2</sup>.
    - 6.º Número de identificación ambiental (NIMA)<sup>2</sup> do centro produtor ou da instalación.
  - b) Información da empresa autorizada para realizar operacións de tratamento de residuos, incluído o almacenamento, no caso de que a orixe do traslado sexa unha instalación de tratamento de residuos:
    - 1.º Nome ou razón social.
    - 2.º NIF.
    - 3.º Enderezo do domicilio social: rúa, municipio, provincia, comunidade autónoma, país.
    - 4.º Datos de contacto: teléfono, fax, correo electrónico.
    - 5.º Número de inscrición no Rexistro de Produción e Xestión de Residuos<sup>2</sup>.
    - 6.º Número de identificación ambiental (NIMA)<sup>2</sup>.
8. Información relativa ao destino do traslado:
  - a) Información da instalación destino:
    - 1.º Nome ou razón social da instalación.
    - 2.º NIF do titular da autorización da instalación.
    - 3.º Enderezo: rúa, municipio, provincia, comunidade autónoma, país.
    - 4.º Número de inscrición no Rexistro de Produción e Xestión de Residuos<sup>2</sup>.
    - 5.º Número de identificación ambiental (NIMA)<sup>2</sup> da instalación de tratamento
    - 6.º Operación de tratamento a que se van someter os residuos de acordo cos anexos I e II da Lei 22/2011, do 28 de xullo, de residuos e solos contaminados<sup>6</sup>.
  - b) Información da empresa autorizada para realizar operacións de tratamento de residuos, incluído o almacenamento na instalación de destino:
    - 1.º Nome ou razón social.
    - 2.º—Enderezo do domicilio social: rúa, municipio, provincia, comunidade autónoma, país.
    - 3.º NIF.
    - 4.º Datos de contacto: teléfono, fax, correo electrónico.
    - 5.º Número de inscrición no Rexistro de Produción e Xestión de Residuos<sup>2</sup>.
    - 6.º Número de identificación ambiental (NIMA)<sup>2</sup>.
9. Información sobre o residuo que se traslada:
  - a) Codificación do residuo de acordo coa Lista europea de residuos (LER), establecida na Decisión 2000/532/CE da Comisión, do 3 de maio de 2000.
  - b) Descrición do residuo.
  - c) Cantidade total de residuos que se prevé transportar en kg.
  - d) No caso de residuos perigosos, indicación das características de perigosidade, de acordo co anexo III da Lei 22/2011, do 28 de xullo.

10. Información relativa aos tratamentos posteriores, en caso de que o destino sexa unha operación de almacenamento ou de tratamento intermedio<sup>6</sup>:

a) Información da instalación destino:

1.º Nome ou razón social da instalación de tratamento de residuos, incluído o almacenamento.

2.º NIF do titular da autorización da instalación.

3.º Enderezo: rúa, municipio, provincia, comunidade autónoma, país.

4.º Número de inscrición no Rexistro de Produción e Xestión de Residuos<sup>2</sup>.

5.º Número de identificación ambiental (NIMA)<sup>2</sup> da instalación de tratamento

6.º Operación de tratamento a que se destinará o residuo, de acordo cos anexos I e II da Lei 22/2011, do 28 de xullo, de residuos e solos contaminados<sup>5</sup>.

b) Información da empresa autorizada para realizar operacións de tratamento de residuos, incluído o almacenamento na instalación de destino.

1.º Nome ou razón social.

2.º Enderezo do domicilio social: rúa, municipio, provincia, comunidade autónoma, país.

3.º NIF.

4.º Datos de contacto: teléfono, fax, correo electrónico.

5.º Número de inscrición no Rexistro de Produción e Xestión de Residuos<sup>2</sup>.

6.º Número de identificación ambiental (NIMA)<sup>2</sup>.

11. Indicar se se opta por que sexa a autoridade competente da comunidade autónoma ante a cal se presenta a notificación previa a que remita o dito documento á autoridade competente da comunidade autónoma de destino do traslado.

Notas explicativas:

1. N.º de documento de identificación e n.º de notificación previa: datos obrigatorios para os traslados sometidos ao requisito de notificación previa de traslado.

2. Datos obrigatorios para as persoas físicas ou xurídicas inscritas no Rexistro de Produción e Xestión de Residuos.

3. Tipo de operador de acordo co previsto no artigo 2.a).

4. Información relativa á orixe do traslado: cando os traslados se refiran a residuos recollidos directa ou indirectamente pola entidade local, a información relativa á orixe serán os datos da entidade local.

5. NIF do produtor, do posuidor ou do titular da autorización da instalación de tratamento.

6. Operación de tratamento: indicarse coa codificación asignada na inscrición no Rexistro de Produción e Xestión de Residuos.

7. En caso de que no momento de cubrir a notificación previa de traslados existan varias alternativas posibles respecto ao destino final do residuo, incorporarse a información de tres posibles destinos como máximo.